

**CONCELLO
DE VIGO**



**PROTOCOLO DE INTENCIÓNS ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE
VIGO E MERCADONA, S.A.**

En Vigo, 10 de febreiro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, en virtude das atribucións que lle confire a lexislación vixente.

Doutra parte Dona Marta María Cortizas Sánchez, (DNI 32 824 518 E), que intervéñen na súa condición de apoderada da mercantil Mercadona, S.A., con facultades suficientes para este acto en virtude do poder outorgado o día 21 de novembro de 2011 ante o Notario de Alboraya (Valencia), D. José M^a Cid Fernández, co número 1.531 de orden do seu protocolo.

As partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, a capacidade legal suficiente para o outorgamento do presente documento e de mutuo acordo,

EXPOÑEN

Que Mercadona S.A, é titular dun supermercado situado na Avda. Florida, número 108, da cidade de Vigo.

Que os técnicos da área de Mobilidade do Concello de Vigo detectaron a necesidade da ampliación da instalación semaforica existente na Avda. Florida, tras a recente implantación de varias superficies comerciais na contorna da súa intersección coa rúa Pablo Iglesias, para garantir a seguridade dos usuarios da vía, tanto de vehículos como dos peóns, dada a intensidade do tráfico por tratarse dunha das vías de entrada a cidade.

Que dita necesidade se detectou tamén polos responsables do establecemento de Mercadona, S.A., que está interesado en colaborar co Concello para dar resposta a esa necesidade.



Polas razóns expostas, ambas as partes

ACORDAN

PRIMEIRO.- O Concello de Vigo, en execución das competencias que legalmente lle corresponden, procederá no prazo de DOUS (2) MESES á execución das obras necesarias e a conseguinte instalación semafórica na Avda. da Florida núm. 108 para dar servizo aos peóns e vehículos que pretenden acceder e/ou saír do establecemento comercial MERCADONA.

SEGUNDO.- A entidade Mercadona, S.A., a través do presente Protocolo, manifesta a súa intención de, unha vez executada e posta en funcionamento a instalación semafórica competencia do Concello de Vigo, donar ao mesmo a cantidade que resulte da execución de dita instalación.

A tal efecto, MERCADONA S.A. manifesta que unha vez adoptado o acordo correspondente conforme as súas normas internas, someterá a súa aprobación, se procede, por parte do órgano municipal que resulte legalmente competente.

Achégase como anexo o orzamento da instalación, elaborado pola mercantil ESYCSA concesionaria do servizo público do Concello para a instalación, mantemento e explotación dos sistemas de información e control do tráfico de vehículos e persoas.

TERCEIRO.-O presente documento formalízase ao amparo do disposto no parágrafo segundo do art. 47.1 da Lei 49/15 de réximen xurídico do sector público.

En consecuencia:

1. As estipulacións relativas ao Concello de Vigo entenderanse como exercicio de potestades públicas non susceptibles de transacción.
2. As incidencias a que dea lugar a súa execución, incluída a súa resolución, resolveranse por mutuo acordo das partes conforme ás exixencias da boa fe.



ANEXO :



U.T.E. ESYCSA - ETRA C.I.F. U. 16928692

SEVERINO COBAS, 100 • 16214 VIGO (Pontevedra) • Tel. 906 25 21 13 • Fax. 906 25 15 10
E - mail: ute.esycsa-etra@grupopetra.com

ORZAMENTO

DATA : 10/02/2017

Excmo.
Concello de Vigo
Praza do Rei s/n

ORZAMENTO: PRE-0900C.VIG

Cantidade	Concepto	Prezo	Total
	ORZAMENTO PARA A AMPLIACIÓN DAS SINAIS SEMAFÓRICAS NA INTERSECCIÓN AVDA. FLORIDA - R/ PADRE SEIXAS - R/ PABLO IGLESIAS		
	SINALIZACION SEMAFORICA		
4	Semáforo de policarbonato ou aluminio de tres focos de 200 mm. de diámetro e iluminación mediante lámpadas incandescentes (13/200).	SC	SC
2	Semáforo de policarbonato o aluminio de dous focos incandescencia de 200 mm. de lado para peóns. (12/200 PPC)	SC	SC
8	Conxunto de óptica de diodos LED, ámbar ou vermella de 200 mm. de diámetro e iluminación mediante LED 230 Vcc. (inclue xunta de goma e lente translúcida de policarbonato). Fabricada en Taiwan.	109,61	876,92
4	Conxunto de óptica de diodos LED, verde de 200 mm. de diámetro e iluminación mediante LED 230 Vcc. (inclue xunta de goma e lente translúcida de policarbonato). Fabricada en Taiwan.	242,46	969,84
2	Semáforo acústico para invidentes con tarxeta sintetizadora de voz,altavoz E reloxo (11/200 AC con tarxeta)	567,08	1.134,16
2	Conxunto de óptica de diodos LED, vermella, con silueta de peón, de 200 mm. de lado e iluminación mediante LED 230 Vcc. Con frecha (inclue xunta de goma e lente translúcida de policarbonato). Fabricada en Taiwan.	159,49	318,98
2	Ud. soporte sinxelo de aluminio inxectado, con brazo de 150 mm. para sustentación dun semáforo. (mod. 150)	39,42	78 , 85
2	Ud. soporte sinxelo de aluminio inxectado, con brazo de 270 mm. para sustentación dun semáforo. (mod. 270)	39,42	78 , 85
2	Ud. baixante para colgar semáforo a báculo.	94,52	189,05
2	Ud. báculo troncocónico de 6 m. de altura e 4,50m. de brazo en chapa de aceiro de 4 mm. de espesor galvanizado en quente, incluso caixa de conexión.	SC	SC
421	M.l. condutor subterráneo termoplástico UNE VV 1.000 de 3 x 2,5 mm2., de sección Cu.	1,62	680,47
421	M.l. condutor subterráneo termoplástico UNE VV 1.000 de 4 x 2,5 mm2., de sección Cu.	1,86	782,00
130	M.l. condutor de cobre con illamento de PVC a 750v., color amarelo-verde para a rede de terras de 16 mm2, de sección.	2,59	337,20
2	Cerco e tapa de 40x40 cm. de fundición DÚCTIL con inscrición Sinais de Tráfico.	75,89	151,78
2	Pernos de báculo con porca e arandela. (4 unidades).	62,57	125,13
	Man de obra da instalación		1923,78

**CONCELLO
DE VIGO**



U.T.E. ESYCSA - ETRA C.I.F. U - 36920692

SEVERINO COBAS, 100 • 36214 VIGO (Pontevedra) • Tel. 986 25 24 11 • Fax. 986 25 15 10
E-mail: ute.esycsa-etra@grupoeutra.com


ORZAMENTO

DATA: 10/02/2017

Excmo.
Concello de Vigo
Praza do Rei s/n

ORZAMENTO: PRE-0900C.VIG

Cantidade	Concepto	Prezo	Total
OBRA CIVIL			
1	Rebaixe de beirarrúa en paso de peóns novo Av. Florida - Pablo Iglesias.	2.046,80	2.046,80
2	Base de báculo semafórico de 90x90x100, construída en formigón HM-20. Incluso colocación dun codo de 90 y 100 mm. de dm., colocación de pernos según modelo, excavación e transporte de lixo a vertedoiro e reposición de baldosa, si la hay.	175,05	350,09
2	Arqueta de rexistro de 40 x 40 x 80 cm. construída en formigón HM-20.	100,30	200,61
8,0	M.I. de canalización en beirarrúa de 40x70 cms., formada por 1 tubo de PVC de 100 mm. de dm. con dado de formigón HM-20 de 30 cms. Incluso excavación colocación aramio guía, compactación, transporte, de lixo a vertedoiro e reposición de baldosa, con base de formigón de 10 cm. de espesor.	109,79	878,29
TOTAL ORZAMENTO			11.122,80 €
IVE 21%			2.335,79 €
TOTAL ORZAMENTO IVE ENGADIDO			13.458,59 €



Nombre

Proyectado:
02 / 07 / 15
D.Casas

Sustituye a:
30 / 05 / 16

Fecha P.M.

Dibujado:
02 / 07 / 16
A.Herrero

Revisado:
02 / 07 / 16
D.Casas

Foto:

Señalización Semafórica en:
Avenida de la Florida - Rúa Padre Seixas -
Rúa Pablo Iglesias



Sensor Bluetooth
Nº2

Escala:	1:600	N IDL:	505
Localidad:	Vigo	Nº Plano:	1 de 1
Nbre. Fichero:	SS - 505		